

The page features a decorative graphic consisting of three overlapping circles in shades of blue, arranged in a descending diagonal line from the top right towards the center. Two thin blue lines intersect at the top left, forming a large 'V' shape that frames the central text area. A large, partially visible blue circle is located in the bottom right corner.

## PEC do CEIP Luís Pimentel de Lugo

### **PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO**

Modificacións aprobadas polo Claustro en base á entrada en vigor da Orde do 25 de xaneiro de 2022 (Cap.II) en reunión ordinaria de Claustro, do 26 de abril de 2022 e informadas e avaliadas polo Consello Escolar, en reunión ordinaria, o 26 de abril de 2022.

ÍNDICE

**Contenido**

CAPÍTULO I.....	4
DATOS DO CENTRO.....	4
CARACTERÍSTICAS DO CONTORNO.....	4
INSTALACIÓNS DO CENTRO.....	5
CARACTERÍSTICAS DO CENTRO.....	8
Unidades do centro e alumnado.....	8
Actividades lectivas.....	8
Composición do profesorado.....	8
Persoal non docente.....	8
Servizos complementarios.....	8
SINAIS DE IDENTIDADE.....	9
Fins educativos do centro.....	9
Principios da actividade educativa.....	10
CAPÍTULO II.....	11
OBXECTIVOS DO CENTRO.....	11
Ámbito pedagóxico.....	11
Ámbito humano.....	12
Ámbito institucional.....	12
Ámbito administrativo.....	13
Ámbito de normalización lingüística.....	13
Compromisos centro e familias.....	13
CAPÍTULO III.....	14
ORGANIZACIÓN DO CENTRO.....	14
Órganos de goberno.....	14

## PEC CEIP Luís Pimentel - Lugo

---

Órganos de coordinación docente. ....	14
Documentos de planificación. ....	14
Documentos de organización.....	15
Documentos de Xestión .....	15
Dinamizacións e outras función docentes.....	15
Ensinanzas de Relixión.....	15
Ensinanza de idiomas. ....	16
Actividades complementarias .....	16
Actividades extraescolares. ....	16
Asociación de nais e pais. ....	16
CAPÍTULO IV .....	17
Profesorado .....	17
Criterios de adscrición e para completar horarios.....	17
Criterios de adscrición .....	17
Completar horario .....	17
Control de asistencia e criterios para as substitucións .....	18
Alumnado .....	18
Criterios para a distribución do alumnado.....	18
Avaliación .....	19
Criterios de promoción.....	<b>¡Error! Marcador no definido.</b>
Previsión de Avaliación do PEC.....	21

## CAPÍTULO I

### *DATOS DO CENTRO*

Tipo de centro.....Público  
Denominación Oficial.....Luís Pimentel  
Código do centro.....27014665  
Provincia.....Lugo  
Enderezo.....Rúa Gallego Tato(Xornalista) Nº5  
Código Postal.....27003  
Teléfono e Fax.....982212469  
Email.....ceip.luis.pimentel@edu.xunta.gal  
Páxina Web.....<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipluispimentel/>

### *CARACTERÍSTICAS DO CONTORNO*

A nivel xeográfico o CEIP Luís Pimentel, está situado no Concello de Lugo, na zona norte da cidade e abarcando o barrio da Piringalla e zonas adxacentes.

A zona de escolarización comprende a zona da cidade delimitada entre a Avenida da Coruña polo Este, rúa San Isidro e a súa prolongación na do Buxo polo Sur, Rei Chiquito polo Oeste e N VI polo Norte. Convén ter en conta, non obstante, que no colexio escolarízase o alumnado empadroadado ou residente en zonas da cidade non comprendidas dentro da zona educativa que corresponde. O colexio non conta con servizo de transporte escolar, pero sí de comedor, de xestión indirecta.

A práctica totalidade dos alumnos acoden acompañados polos pais/nais ou , en algún caso, polos traballadores das garderías ás que se lle encomenda a entrega, recollida ou ambas tarefas.

Os sectores de traballo dos pais/nais dos alumnos son principalmente os sectores secundario e terciario (servizos), sendo case inexistentes os pertencentes ao sector primario. Outro sector que tivo un incremento importante nos últimos anos é o de nenos pertencentes a familias inmigrantes, cuxos pais desempeñan traballos pouco cualificados no sector terciario na maioría dos casos.

O tipo de poboamento é urbano formado por núcleos nos que as vivendas están moi concentradas onde se erguen bloques de edificios con varios andares. Trátase do tipo ao que pertence a maioría do alumnado do centro, cuos pais residen en edificios de vivendas aínda que mantendo nos fins de semana a nas vacacións, vinculacións coas familias de orixe nas aldeas de onde proceden e onde residen aínda avós e outros familiares.

En xeral, os nenos e nenas atópanse limitados en canto á súa calidade de vida polas limitacións propias da vida urbana, con pouco contacto co medio rural e limitados polas xornadas laborais dos seus proxenitores. Con todo, a zona educativa é a zona de residencia da maioría dos alumnos, e goza da presenza nas súas inmediacións ou en zonas próximas de dotacións que melloran as súas posibilidades no tempo libre como: pavillón polieportivo, biblioteca pública, parques, xardíns, paseos, piscina municipal...

Existe tamén una ampla oferta de actividades deportivas e culturais ofertadas pola ANPA do centro, os servizos municipais e os clubs deportivos da cidade.

A nivel servizos: transporte público, servizos sanitarios, e dous centros de educación secundaria nas inmediacións do centro.

Así mesmo, pódese gozar das vantaxes a nivel servizos e infraestructuras de outras zonas da cidade, como museos, salas de exposicións, asociacións culturais e deportivas, campus universitario etc

A nivel monumental a oferta é moi ampla e moi completa, permitindo a organización de visitas tanto por parte do centro, como as que se fagan cos pais/nais por iniciativa propia.

### **Situación do profesorado.**

A composición do cadro de persoal é a seguinte: 12 mestres de Ed. Infantil, 17 de Ed. Primaria, 3 de Lingua Estranxeira (Inglés), 1 de lingua francesa, 3 de Ed. Física, 2 de Ed. Musical, 2 de Relixión, 2 de PT, 1 de AL e 1 orientador/a. A maior parte deles con destino definitivo no centro.

### **Situación do alumnado.**

O alumnado deste centro, se ben varia en función da matrícula de cada curso, está sempre por enriba dos 600 alumnos/as., sendo un dos que contan con un maior número de alumnado de Galicia.

### **Persoal non docente.**

O persoal non docente está formado polo conserxe, unha administrativa e dúas coidadoras.

## ***INSTALACIÓNS DO CENTRO***

O centro conta con tres edificios independentes, ubicados nunha parcela que linda con dúas rúas do barrio da Piringalla, Santo Grial e Gallego Tato.

**O edificio principal** cuxa fachada está orientada á rúa Gallego Tato ten tres plantas. Na planta baixa están ubicadas as dependencias administrativas e de xestión, ANPA, así como o comedor escolar, a sala do profesorado, os aseos para alumnado e profesorado, o ascensor e un anexo onde está ubicada a casa do conserxe. Na primeira planta atopamos as aulas dos niveis de 3º e 4º, as dependencias do departamento de orientación, aula de PT, aula de música, a biblioteca do centro e os correspondentes aseos do alumnado, profesorado e aseo de minusválidos.

Na segunda planta están as aulas de 5º e 6º nivel, a aula de informática, dúas aulas de inglés, aula de plástica/valores e os aseos do alumnado, profesorado e aseo de minusválidos.

**O edificio novo** (de construción posterior) que linda coa rúa Santo Grial ten tres plantas e un semisoto onde está ubicado o ximnasio, os vestiarios, os aseos e o recuncho do profesorado de E. F. Na planta baixa atópanse as aulas de quinto e sexto de E.I., as aulas de P.T. e A.L., unha pequena sala de profesorado, os aseos correspondentes, o cuarto dos utensilios de limpeza, o ascensor e as escaleiras para acceder ao ximnasio. Na primeira planta están as aulas de quinto e sexto nivel de E.I., a aula de psicomotricidade, a aula de lingua inglesa, os aseos e ao final do corredor un pequeno espazo habilitado como biblioteca. Na segunda planta podemos atopar as aulas de 1º e 2º nivel de E.P. e os aseos correspondentes nos extremos do corredor.

**O edificio de Educación Infantil** ubicado preto do edificio principal está separado dos outros dous edificios por unha valla para protexer e separar o patio de recreo do alumnado de 4º de E.I. Esta edificación consta dunha única planta baixa na que están as aulas de 4º de E.I. distribuídas a partir dun recibidor, unha sala de profesorado e un aseo para o profesorado, un cambiador así como un recuncho adicado á biblioteca..

**O patio** consta varias de zonas: unha pista cuberta, dúas descubertas de fútbol e baloncesto respectivamente, unha pequena zona verde a un lado do edificio principal, onde se atopa o horto escolar e o patio de Educación infantil que consta dunha zona asfaltada á entrada deste edificio, un patio cuberto nun lateral do mesmo coa columnas forradas, unha pequena zona de árbores e campo no outro lateral e, por detrás, un areeiro e unha zona de xogos e servizos exteriores..

O edificio **principal** ten dúas plantas e conta coas seguintes dependencias:

- Dúas aulas de inglés
- Aula de informática
- Aseos de de nenos/as, mestres/as e discapacitados
- Biblioteca
- Aula de música
- Aula de valores/plástica
- Departamento de Orientación

- Aula de PT
- 12 aulas de primaria
- Sala do profesorado
- Despachos (Secretaría, Dirección/xeftura, DUM, fotocopiadora)
- Comedor Escolar
- Ascensor
- Local ANPA

O edificio **novo** ten dúas plantas e conta coas seguintes dependencias:

- 6 aulas de Ed. Infantil
- 6 aulas de Ed. Primaria
- Aula de psicomotricidade
- Aula de inglés
- Aula de PT
- Aula de AL
- Aula de relixión/valores
- Ximnasio
- Espazo lector
- Aseos de nenos/as, Mestres/as e discapitados
- Sala do profesorado
- Ascensor

O edificio de Ed. **Infantil** de tres anos conta coas seguintes dependencias:

- 3 aulas de infantil con aseos incorporados.
- Pequena sala do profesorado
- Aseos de nenos/as exteriores, no patio.
- Un aseo para o uso do profesorado.
- Cambiador.

### **Outras instalacións do centro**

- Pista deportiva cuberta
- Pistas deportivas
- Patio de Ed. Infantil con areeiro e tobogáns.
- Horto.

## ***CARACTERÍSTICAS DO CENTRO***

### **Unidades do centro e alumnado**

O centro conta con 9 unidades de Ed. Infantil e 18 de Ed. Primaria. Hai tres grupos por nivel cunha ratio media de 25 alumnos/as por aula.

O alumnado procede maioritariamente da área de influencia do centro. Non hai una característica predominante que permita definir ás familias dos mesmos sendo dun nivel socioeconómico heteroxéneo. Nos últimos anos incrementase a presenza de alumnado procedente do estranxeiro

### **Actividades lectivas**

O horario lectivo do centro é de 9 a 14 horas. O alumnado de Ed. Infantil de tres anos que se incorpora ao centro de xeito progresivo no mes de setembro para o que se programará **o período de adaptación á escola** no que realizan entrevistas ás familias cunha incorporación gradual do alumnado.

*A partires desta hora o alumnado que queda ao comedor, queda no centro acompañado polo persoal do servizo. As actividades complementarias dan comezo ás catro da tarde, ofertadas polo Concello, pola ANPA e por asociación deportivas sen ánimo de lucro..*

### **Composición do profesorado**

- 12 de Ed. Infantil
- 17 de Ed. Primaria
- 3 de Lingua Inglesa
- 3 de Ed. Física
- 2 de Ed. Musical
- 2 de Pedagogía Terapéutica
- 1 de Lingua francesa
- 1 de Audición e Linguaxe
- 1 Orientación
- 2 Relixión Católica

O profesorado ten establecida una hora semanal para atención ás familias, os martes de 16h a 17h.

### **Persoal non docente**

O persoal non docente está composto polo conserxe, unha administrativa e dúas coidadoras.

### **Servizos complementarios**

O centro non conta con servizo de transporte escolar. Ofrece servizo de comedor escolar e madrugadores de xestión indirecta, por parte do Concello de Lugo.



## ***SINAIS DE IDENTIDADE***

### **Fins educativos do centro.**

- a) O pleno desenvolvemento da personalidade e das capacidades do alumnado.
- b) A educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas con discapacidade.
- c) A educación no exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia, aí como na prevención de conflitos e a súa resolución pacífica.
- d) A educación na responsabilidade individual e no mérito e esforzo persoal.
- e) A formación para a paz, o respecto aos dereitos humanos, a vida en común, a cohesión social, a cooperación e solidariedade entre os pobos así como a adquisición de valores que propicien o respecto cara aos seres vivos e o medio ambiente, en particular ao valor dos espazos naturais e o desenvolvemento sostible.
- f) O desenvolvemento da capacidade do alumnado para regular a súa propia aprendizaxe, confiar nas súas aptitudes e coñecementos, así como para desenvolver a creatividade, a iniciativa persoal e o espírito emprendedor.
- g) A formación no respecto e recoñecemento da pluralidade lingüística e cultural e da interculturalidade como un elemento enriquecedor da sociedade.
- h) A adquisición de hábitos intelectuais e técnicas de traballo, de coñecementos científicos, técnicos, humanísticos, históricos e artísticos, así como o desenvolvemento de hábitos saudables, o exercicio físico e o deporte.
- i) A capacitación para a comunicación nas dúas linguas oficiais da comunidade autónoma e nunha lingua estranxeira. Potenciarase o ensino da lingua galega de xeito que se garanta un efectivo dominio da mesma en igualdade coa lingua castelá. A lingua galega será a lingua de relación do centro coas outras administracións e cos distintos sectores da comunidade educativa.
- j) A preparación para o exercicio da cidadanía e para a participación activa na vida económica, social e cultural, con actitude crítica e responsable e con capacidade de adaptación as situacións cambiantes da sociedade do coñecemento.
- k)

A potenciación dos artigos 17 e 18 do Decreto Lexislativo 2/2015 do 12 de febreiro polo que:

- **Fomentarse** a comprensión do valor constitucional da **igualdade entre ambos sexos** como obxectivo de especial atención, sen que, en ningún caso, se admitan contidos, metodoloxía ou criterios de avaliación transmisores, directa ou indirectamente, dunha distribución estereotipada de papeis entre os sexos ou dunha imaxe de dominación dun sexo o outro en calquera ámbito da vida.

En resumo un centro que forme persoas:

- Capaces de pensar por si mesmas e de buscar situacións creativas aos problemas individuais e colectivos que se lles presenten.
- Responsables, educadas e preparadas para participar na sociedade na que viven, que sintan satisfacción de si mesmas e crean nas súas posibilidades.
- Respectuosas cos dereitos e liberdades dos demais, democráticas e participativas.
- Solidarias, capaces de rexeitar todo tipo de discriminación por razón de sexo, raza, idade, lingua, relixión etc.
- Críticas co mundo no que viven e comprometidas coa súa mellora.

### **Principios da actividade educativa.**

- a) A calidade da educación para todo o alumnado, independentemente das súas condicións e circunstancias.
- b) A equidade que garanta a igualdade de oportunidades, a inclusión educativa e a non discriminación e actúe como elemento compensador das desigualdades persoais, culturais, económicas e sociais, con especial atención ás que deriven da discapacidade.
- c) A transmisión e posta en práctica de valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, a coeducación, o respecto e a xustiza, así como que axuden a superar calquera tipo de discriminación.
- d) A concepción da educación como unha aprendizaxe permanente, que se desenvolve ao longo de toda a vida.
- e) A flexibilidade para adecuar a educación a diversidade de aptitudes, intereses, expectativas e necesidades do alumnado, así como aos cambios que experimenta o alumnado e a sociedade.
- f) A orientación educativa dos estudantes, como medio necesario para o logro dunha formación personalizada, que propicie unha educación integral en coñecementos, destrezas e valores
- g) O esforzo individual e a motivación do alumnado.
- h) O esforzo compartido por alumnado, familias, profesores, centros, administración, institucións e o conxunto da sociedade.
- i) A autonomía para establecer e adecuar as actuacións organizativas e curriculares no marco das competencias e responsabilidades que corresponden ao centro.
- j) A participación da comunidade educativa na colaboración do goberno e funcionamento do centro.
- k) A educación para a prevención de conflitos e para a súa resolución pacífica, así como a non violencia en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.

- l) O desenvolvemento da igualdade de dereitos e oportunidades e o fomento da igualdade efectiva entre homes e mulleres.
- m) A consideración da función docente como factor esencial da calidade da educación, o recoñecemento social do profesorado e o apoio da súa tarefa.
- n) O fomento e a promoción da investigación, a experimentación e a innovación educativa.
- o) A avaliación tanto da programación e organización e nos procesos de ensino e aprendizaxe como nos seus resultados.

### **A actividade educativa irá dirixida a:**

- ✓ Promover unha **escola participativa**, dinámica, flexible, traballadora, canalizadora das ideas e das propostas de todos e de todas.
- ✓ **A atención individualizada ao alumnado, tendo en conta as capacidades específicas de cada un.**
- ✓ A que certos **valores como a solidariedade, o compañeirismo, o respecto polas diferenzas ... se revaloricen.**
- ✓ Promover **proxectos de mellora e innovación.**
- ✓ Promover un **centro aberto ao entorno** que manteña unha colaboración importante con todos os organismos, institucións, asociacións, etc. que poidan aportar ao centro axuda na consecución dos obxectivos.

## **CAPÍTULO II**

### ***OBXECTIVOS DO CENTRO***

#### **Ámbito pedagóxico.**

1. Formar integralmente aos alumnos e alumnas, compensando as súas carencias a través dunha atención individualizada e una avaliación continua e formativa.
2. Proporcionar ao alumnado o coñecemento dos dereitos e liberdades recoñecidos na Constitución e demais leis e dereitos internacionais. Facilitar no centro a vivencia dos mencionados dereitos e liberdades
3. Facilitar a adquisición de hábitos intelectuais e técnicas de traballo, así como de coñecementos científicos, técnicos, humanísticos, históricos e artísticos.
4. Formar no respecto á pluralidade lingüística e cultural.
5. Desenvolver unha metodoloxía activa que garanta a participación do alumnado no proceso de ensino e aprendizaxe. Preparalos para participar activamente na vida social e cultural.
6. Utilizar unha metodoloxía globalizadora partindo dos intereses e necesidades do alumnado.
7. Desenvolver no alumnado das competencias claves.

### **Ámbito humano.**

1. Desenvolver nos alumnos e alumnas actitudes para a convivencia democrática e para o exercicio responsable da liberdade.
2. Desenvolver actitudes e hábitos de cooperación a través do traballo en equipo.
3. Fomentar un comportamento tolerante e solidario en toda a comunidade educativa.
4. Desenvolver actitudes de respecto ás diferentes culturas e linguas. Educar na integración.
5. Educar para a paz e no desenvolvemento de actitudes pacíficas.
6. Formar ao alumnado en igualdade, sen ningún tipo de discriminación e eliminando estereotipos en relación aos roles do home e a muller na sociedade.
7. Fomentar en toda a comunidade educativa actitudes de respecto e defensa do medio ambiente.
8. Educar no respecto aos valores morais e cívicos.
9. Educar para un consumo responsable.
10. Educar para una boa utilización do tempo de lecer.
11. Desenvolver no alumnado hábitos e actitudes de respecto ás normas de educación viaria.
12. Propiciar a autonomía do alumnado a través da adquisición de hábitos de estudo, orde e traballo.
13. Valorar críticamente os hábitos relacionados coa saúde, consumo e medio ambiente.
14. Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal.
15. Desenvolver no alumnado a imaxinación, a orixinalidade e o espírito crítico.
16. Proporcionar a todo o alumnado a atención psicopedagóxica e a orientación educativa precisa. Desenvolver un plan de acción tutorial que proporcione ao alumnado o coñecemento do seu contorno físico social e educativo.
17. Adecuar o currículo aos diferentes ritmos de aprendizaxe con especial atención ao alumnado con necesidades educativas especiais.
18. Favorecer a socialización do alumnado propiciando a consecución de destrezas que faciliten a súa integración.
19. Educar ao alumnado para un bo uso das Tics( perigos e riscos das redes sociais e responsabilidade no tratamento dos contidos en rede).

### **Ámbito institucional.**

1. Implicar as familias do alumnado no proceso educativo e fomentar a súa participación/colaboración na vida do centro.
2. Fomentar a relación do centro co entorno social, económico e cultural.
3. Potenciar a coordinación e o traballo en equipo do profesorado.

4. Coordinar actuacións co IES Ánxel Fole, centro receptor do alumnado.
5. Impulsar e favorecer a participación do profesorado en actividades de formación permanente, fundamentalmente no propio centro.
6. Colaborar co concello nas actividades organizadas por este e dirixidas á formación do alumnado.
7. Lograr que as administración local e autonómica cumbran coas súas obrigas con respecto ás necesidades do centro.
8. Democratizar o funcionamento do centro, fomentando e facilitando a participación de todos os sectores da comunidade educativa.

### **Ámbito administrativo**

1. Realizar unha xestión administrativa e económica eficaz e transparente.
2. Lograr un sistema de comunicación áxil e eficaz entre toda a comunidade educativa ( Xade, Espazo Abalar, Web do centro...)

### **Ámbito de normalización lingüística.**

Ao remate da educación primaria o alumnado deberá ter un dominio do galego e do castelán que lles permita comunicarse en ámbalas dúas linguas por un igual. Así mesmo fomentaremos una valoración positiva da lingua galega así como o coñecemento da nosa cultura. Os obxectivos que nos propoñemos no eido da normalización lingüística son:

1. Acadar que o alumnado do centro teñan una competencia lingüística que lles permita comunicarse por un igual en lingua galega e castelá.
2. Potenciar a valoración positiva do uso da lingua galega por parte da comunidade educativa.
3. Utilizar a lingua galega como lingua oficial nas relación externas do centro: escritos, circulares, xestión administrativa...
4. Mellorar a competencia lingüística dos membros da comunidade educativa

### **Compromisos centro e familias**

As nais, pais, titoras e titores legais son os primeiros responsables da educación dos seus fillos. De tal obriga despréndense os seus dereitos e os seus deberes, recollidos na normativa vixente.

Os pais, as nais ou as persoas que exerzan a titoría legal do alumnado deberán participar e apoiar a evolución do proceso educativo dos seus fillos, das súas fillas ou das persoas que tutelén, así como coñecer as decisións relativas á avaliación e á promoción, e colaborar nas medidas de apoio ou reforzo que adopte o centro docente para facilitar o seu progreso educativo, e terán acceso á consulta dos documentos oficiais de avaliación e aos instrumentos e documentos das avaliacións que se lles realicen aos seus fillos, fillas ou persoas tuteladas.

## CAPÍTULO III

### **ORGANIZACIÓN DO CENTRO**

#### **Órganos de goberno.**

- Colexiados: consello escolar e claustro de profesores.
- Equipo Directivo: Director/a, Secretario/a e Xefe/a de Estudos.

#### **Órganos de coordinación docente.**

- Comisión de coordinación pedagóxica.
- Departamento de orientación.
- Equipo de Infantil, de nivel e de 1º e 2º de EP, 3º e 4º de EP e 5º e 6º de EP.
- Equipos de traballo: Dinamización da Lingua Galega, Biblioteca, actividades extraescolares, sección bilingües, TICs...

#### **Documentos de planificación.**

O centro deberá organizar a súa actividade e desenvolver os principios, valores e obxectivos recollidos neste proxecto educativo. Os documentos de planificación nos que se desenvolverá o proxecto educativo serán:

1. A concreción do currículo que incluírá entre outros aspectos:
  - As programacións didácticas, que incluírán as competencias clave, obxectivos, contidos e criterios de avaliación así como as estratexias metodolóxicas e de atención á diversidade.
  - A educación en valores a través das distintas áreas.
  - Os criterios de avaliación e promoción do alumnado
  - Medidas para o alumnado repetidor
2. Plan de atención á diversidade.
3. Plan de orientación.
4. Plan de acción tutorial
5. Proxecto da Biblioteca e plan anual de lectura.
6. Proxecto lingüístico do centro
7. Plan de acollida
8. Plan de saídas escolares
9. Proxecto sección bilingüe
10. Protocolos do ámbito educativo (Acoso Escolar, TDH, de Urgencias Sanitarias, de Atención Educativa Domiciliaria, de Identidade de Xénero...)

### **Documentos de organización**

- Plan de Convivencia
- Normas de Organización e Funcionamento
- Plan de Acción Titorial.
- Plan de Autoprotección.
- Plan de Igualdade.

### **Documentos de Xestión**

- Orzamento anual.
- Programación Xeral Anual.
- Documento de Organización do Centro.
- Memoria anual

Ademais o centro poderá establecer dentro da PXA e/ou a través de proxectos ou plans concretos a participación en programas de mellora da calidade educativa, programas internacionais e aquelas iniciativas que promovan unha mellor da práctica educativa.

### **Dinamizacións e outras función docentes.**

Atendendo ás necesidades do alumnado o equipo directivo, oído o claustro, poderá asignar ao profesorado con horario lectivo disponible actividades ou dinamizacións como:

- Apoio e reforzo educativo.
- Atención á diversidade.
- Atención específica de apoio do alumnado estranxeiro e minorías étnicas.
- Dinamización das novas tecnoloxías da información e comunicación.
- Biblioteca.
- Convivencia escolar.
- Normalización lingüística.
- Mellora da calidade educativa.
- Programas internacionais.
- Outras actividades análogas que se establezan na PXA.

### **Ensinanzas de Relixión.**

Impártese o ensino da relixión e moral católicas ao alumnado que as súas familias así o solicitan.

As outras confesións relixiosas poderán ser impartidas no momento en que exista demanda suficiente e se facilite profesorado para tal fin.

### **Ensinanza de idiomas.**

O centro conta con profesorado especialista en lingua francesa e inglesa, ofertando ás familias a opcionalidade de elixir una delas no momento da matrícula.

### **Actividades complementarias**

Aquelas que están integradas na actividade lectiva normal, e que se realizan con finalidade eminentemente pedagóxica, encamiñadas ao desenvolvemento das competencias claves do alumnado e que aparecen reflectivas no calendario escolar.

Así como:

- Plan de saídas escolares: saídas educativas dos diferentes niveis.
- Saídas ocasionais para participar en exposicións e/ou actividades didácticas que proponen os distintos equipos.
- Participación en concertos didácticos, representacións teatrais, visitas...

### **Actividades extraescolares.**

O centro oferta, unha vez rematado o horario lectivo, unha serie de actividades lúdico-educativas e culturais, encamiñadas a facer efectivos os principios xerais do centro. Estas actividades realíznase nas propias instalacións do centro.

O financiamento destas actividades corre a cargo das familias. Hai tamén actividades gratuítas ofertadas polo Concello.

### **Asociación de nais e pais.**

No centro está constituída a Asociación de nais e pais Triscos. A Asociación constitúe un elemento fundamental na vida do centro, sendo una canle de participación e colaboración para as familias. Conta cunha persoa representante no Consello Escolar.

A Asociación vén organizando actividades extraescolares que se imparten fóra do horario lectivo e ás que asiste o alumnado con carácter voluntario.

Ademais organiza actos conmemorativos e culturais. Tamén organiza festas con temática diversa, saídas, excursións e andainas en colaboración coas outras ANPAS da cidade. Tamén organiza charlas pedagóxicas e unha escola de nais e pais dirixida ás familias.



## CAPÍTULO IV

### ***Profesorado***

A xornada semanal do persoal funcionario docente e persoal laboral que imparte as ensinanzas de educación Infantil, educación primaria e educación especial será de trinta e sete horas e media, das cales dedicaranse trinta horas ás actividades docentes con presenza no mesmo. Das ditas horas, 25 terán carácter lectivo, a razón de cinco horas diarias, de luns a venres.

O horario de dedicación directa ao centro que non corresponda a tarefas lectivas destinarase, entre outras, a actividades relacionadas coas titorías e orientación do alumnado, titorías de pais e nais, gardas cando non teñan o carácter de lectivas, reunións de equipos de nivel, sesións de avaliación, dinamizacións, participación en reunións de órganos colexiados e reunións para a elaboración ou modificación de documentos de planificación e para a súa avaliación.

### **Criterios de adscrición e para completar horarios.**

#### **Criterios de adscrición**

*ORDE do 28 de xuño, pola que se modifican parcialmente as Ordes do 1 de agosto de 1997 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996, polo que se aproba o regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria e se establece a súa organización e funcionamento, do 22 de xullo de 1997, pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria dependentes da Consellería de educación e Ordenación Universitaria, e do 3 de outubro de 2000 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 7/1999, polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias.*

#### Punto segundo, apdo 1.

*ORDE do 28 de maio de 2018 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2018/19 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.*

#### Disposición adicional cuarta.

#### **Completar horario**

Maior tempo libre no profesorado que incide en cada nivel. Terase en conta tamén a organización do centro.

### **Control de asistencia e criterios para as substitucións**

Como criterio xeral, o profesorado cubrirá as posibles ausencias proporcionalmente, tendo en conta as horas libres de que dispoña procurando respectar os grupos nos que se imparte docencia. En casos de ausencias previstas, o profesorado deberá deixar traballo preparado para o alumnado.

### ***Alumnado***

#### **Criterios para a distribución do alumnado.**

##### **Inicio escolarización**

- Distribución equitativa por data de nacemento.
- Paridade neno e nenas
- Alumnado con descoñecemento das linguas oficiais da comunidade.
- Equidade en alumnado con NEAE
- No caso de que o permita a matrícula diminuírase a ratio nos grupos que haxa alumnado con NEAE.

##### **Inicio de E.P**

#### **Ao inicio da EP farase un reagrupamento cos seguintes criterios:**

- Equidade en alumnado con NEAE e condutuais.  
Reuniríase a última semana do curso a xefe de estudos, o orientador/a , especialistas e os titores implicados para determinar como proceder.
- Paridade de nenos/nenas.
- Orde alfabético.
- Pequenos grupos de referencia( alumnado que será beneficioso a nivel relacional que continúen xuntos ou pola contra precisen doutro grupo máis adaptado ás súas características).
- Distribución atendendo a dificultades leves de aprendizaxe que precisen de reforzo educativo por parte do titor/a.
- No caso de que o permita a matrícula diminuírase a ratio nos grupos que haxa alumnado con NEAE.

##### **Ao longo da EP**

- Distribución equitativa dos repetidores.

Para o reparto de alumnos repetidores reunirse a última semana do curso a xefe de estudos, o orientador/a e os titores implicados para determinar como proceder tendo en conta as características de cada titoría.

- Pequenos grupos de referencia( alumnado que será beneficioso a nivel relacional que continúen xuntos ou pola contra precisen doutro grupo máis adaptado ás súas características).
- Distribución atendendo a dificultades leves de aprendizaxe que precisen de reforzo educativo por parte do titor/a.

Para a toma de decisión da distribución do alumnado será necesario a presenza das titoras, especialistas que interveñen co alumnado, así como os membros do departamento de orientación e xefatura de estudos, que expoñan os criterios e características do alumnado.

### ***Avaliación***

As normativa pola que se regula os proceso de avaliación baséase nas seguinte ordes:

1. *Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo de educación infantil en Galiza (DOG do 10 de xullo de 2009).*
2. *Orde do 09 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 10 de xuño de 2016)*
3. *O Real decreto 984/2021, do 16 de novembro, estableceu entre outras á avaliación e promoción na educación primaria.*
4. *ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.*

Durante o primeiro mes de cada curso escolar a persoa titora realizará unha avaliación inicial, coa finalidade de adecuar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a progresión adecuada no seu proceso de aprendizaxe, incidindo na obtención de información sobre o grao de desenvolvemento das competencias clave.

Trimestralmente cada curso celebrará a súa sesión de avaliación. A esta sesión, aparte do profesorado titor, asistirán todos os profesores especialistas que impartan docencia a ese grupo.

Da avaliación de cada grupo de alumnos levantarase unha acta de sesión de avaliación do proceso de ensino e da práctica docente na que se reflectirán os resultados e incidencias máis salientables dese trimestre. Esa acta asinarana todo o profesorado que imparta docencia ao grupo de alumnos/as e entregarase á Xefatura de Estudos.

As sesións de avaliación serán coordinadas pola persoa titora do curso respectivo e nelas participará o profesorado que imparte docencia no mesmo e poderá contar co asesoramento do

departamento de orientación, estará tamén un membro do equipo directivo. Nelas valoraranse as aprendizaxes acadadas por cada alumno/a, o grao de desenvolvemento das competencias clave e, se é o caso, as medidas adoptadas ou que se deben adoptar. No proceso de avaliación continua, a cualificación das áreas será decidida pola mestra ou mestre que as imparta.

A avaliación do alumnado será continua e global, e terá en conta o seu progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe. (Cap.II, Artigo 5, pto 3, da *ORDE do 25 de xaneiro de 2022*)

. No contexto deste proceso de avaliación continua, cando o progreso dunha alumna ou dun alumno non sexa o axeitado estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, con especial seguimento da situación do alumnado con necesidades educativas especiais, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo. . (Cap.II, Artigo 5, pto 4, da *ORDE do 25 de xaneiro de 2022*).

### **Promoción**

**Ao finalizar os cursos segundo, cuarto e sexto da etapa**, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de xeito colexiado, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor. A promoción no resto de cursos da etapa será automática. (Cap.II. Artigo 6, pto 1, da *ORDE do 25 de xaneiro de 2022*).

O alumnado que acade a promoción de curso con algunha área con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara o curso anterior. . (Cap.II. Artigo 6, pto 2, da *ORDE do 25 de xaneiro de 2022*).

O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerárase unha medida de carácter excepcional e tomarase, tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfacemento curricular ou as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno, o equipo docente considera que a permanencia un ano máis no mesmo curso é a medida máis adecuada para favorecer o seu desenvolvemento. Nese caso, o equipo docente organizará un plan específico de reforzo para que, durante ese curso, a alumna ou o alumno poida alcanzar o grao de adquisición das competencias correspondentes. Esta decisión só poderá adoptarse unha vez durante a etapa, oídas as nais, os pais ou as persoas que exerzan a titoría legal, e terá, en todo caso, carácter excepcional. (Cap.II. Artigo 6, pto 3, da *ORDE do 25 de xaneiro de 2022*).

Para a elaboración e o seguimento do plan específico de reforzo, a que se refire o punto anterior, seguirase o establecido no artigo 50 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. . (Cap.II. Artigo 6, pto 4, da *ORDE do 25 de xaneiro de 2022*).

**Ao finalizar os cursos segundo e cuarto da etapa** o profesorado titor emitirá un informe sobre o grao de adquisición das competencias de cada alumna ou alumno, indicando, de ser o caso, as medidas de reforzo que se deben prever no ciclo seguinte. . (Cap.II. Artigo 6, pto 5, da *ORDE do 25 de xaneiro de 2022*).

Co fin de garantir a continuidade do proceso de formación do alumnado, cada alumna ou alumno disporá ao finalizar a etapa dun informe elaborado pola súa titora ou polo seu titor sobre a súa evolución e o grao de adquisición das competencias desenvolvidas. No caso de alumnado con necesidades educativas especiais, o informe deberá reflectir as adaptacións e medidas adoptadas, e a súa necesidade de continuidade na seguinte etapa escolar. (Cap.II. Artigo 6, pto 6, da *ORDE do 25 de xaneiro de 2022*).

Co fin de garantir o dereito do alumnado a unha avaliación obxectiva e a que a súa dedicación, o seu esforzo e o seu rendemento sexan valorados e recoñecidos con obxectividade, estarase ao disposto na Orde do 2 de marzo de 2021 pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción e obtención do título académico que corresponda, en educación infantil, educación primaria. (Cap.I. Artigo 3, pto 3, da *ORDE do 25 de xaneiro de 2022*).

### ***Previsión de Avaliación do PEC***

Dado que o PEC, máis que un documento, poderíase dicir que é un instrumento de reflexión e formación a través do cal se avalian as necesidades e problemas específicos do Centro para poder solucionarlos, a súa revisión e avaliación é un proceso continuado e diario tendo na avaliación interna que se fai na **Memoria Anual** un instrumento para ver a súa validez como Proxecto para respostar dun xeito contextualizado á problemática específica do Centro, levándose a primeira CCP do curso, de ser necesario.